



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 21 de xullo de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3022

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

Con data 2 de xullo reúnese a Comisión de reclamacións para examinar as reclamacións presentadas por Don Manuel Alberto Regueiro Picallo, Dona Gema Rojo López e Don Esteban Sañudo Costoya. Na citada reunión a Comisión de reclamacións acorda solicitar da Comisión de selección que dea resposta pormenorizada ás alegacións presentadas, indicando motivadamente cal foi a puntuación concreta concedida a cada un dos méritos reclamados; a fundamentación razoada da aplicación á sección I.1 do baremo dun coeficiente de non afinidade e a resposta pormenorizada e motivada ás alegacións presentadas sobre as valoracións concedidas a outras persoas candidatas.

Con data 21 de xullo reúnese de novo a Comisión de reclamacións para valorar a resposta dada pola Comisión de selección ás citadas solicitudes. Unha vez examinada esta resposta, a Comisión de reclamacións quere facer constar:

_a Normativa de selección do persoal docente e investigador da UDC, no seu punto 2.2 establece "As prazas non se poderán perfilar máis aló da adscrición a unha ou máis especialidades de coñecemento, agás as prazas de profesorado asociado e de profesorado asociado de Ciencias da Saúde, en que poderán figurar as materias que se impartirán"

_a praza 25/3022 foi convocada pola especialidade de coñecemento de 'Proxectos de enxeñaría'

_a Comisión de selección introduce criterios adicionais vinculados cun suposto perfil da praza, relacionándoo especificamente cun centro docente

E, en virtude do anterior, acorda:

_solicitar da Comisión de selección que motive a aplicación do criterio de afinidade en relación cos criterios establecidos pola propia Comisión de selección, que recollen as especialidades consideradas afíns, e non en relación á titulación impartida no centro, especificamente na sección I.1 do baremo

_de ser o caso, solicitar da Comisión de selección a remisión dunha nova proposta de provisión e da táboa excel correspondente

_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández